## 10.- FACTURA UNIÓN FENOSA

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 22 de setembro de 2008 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de enerxía eléctrica do mes de xullo de 2009 reflectido nas facturas de Unión Fenosa, por un importe de 29.681,55 euros, e recoñece a obriga con cargo as partidas orzamentarias sinaladas no RC 1331.

## 11.- SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE TAXAS

## 11.A) POR EMISIÓN DE INFORME POLICIAL

Dª Teresa Rodríguez Paredes, por instancia do 8 de setembro, expón que pagou 7€ por un informe policial do atestado 2009/242C para solicitalo e que lle din que non llo poden entregar. Solicita que lle devolvan os 7 euros por non poder entregarlle o informe.

Visto o informe do xefe da Policía local do 25 de setembro de 2009, no que indica que o informe foi remitido ao xulgado e está suxeito á súa competencia, e informa favorablemente a devolución,

Visto o informe favorable da tesoureira do 25 de setembro de 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se lle devolva a taxa pola emisión de informe a D.ª Teresa Rodríguez Paredes, de 7 € de contía.

## 11.B) POR LICENZA DE APERTURA

D. Óscar Barcia Pidre, por instancia remitida ao Concello, expón que lle foi denegada a licenza de obra con expte. 14/06 e aprobada a devolución do importe do ICIO, e solicita a devolución da taxa por licenza de apertura que estaba asociada a dita obra,

Visto o informe emitido polo inspector de obras o día 25.01.08,

Visto o informe da tesoureria municipal do 25 de setembro de 2009, no que constata a contabilización do ingreso por dita licenza (IE 128/06), e no que informa que consonte ao establecido nos artigos 6.4, 8.1 e 8.3 da ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas, **deberá practicarse unha liquidación definitiva polo 50% do importe inicial**, é dicir, 175,00 euros –sempre que se acredite por parte dos servizos municipais que a actividade administrativa se chegou a iniciar e que arquivo do expediente se produciu por desestimento do interesado-, procedendo ao reintegro do 50% restante,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución a D. Óscar Barcia Pidre do 50% das taxas ingresadas, 175 euros, segundo informa a tesoureira municipal.

## 12.- SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

**12.A)** D. Juan Carlos Barragán Zorrilla, como apoderado de GREEN ENVIRONMENT, S.L., comunica que finalizaron as obras de Mellora de acceso ao areal de Fontexelo das que foron adxudicatarios e da que se emitiu un certificado final de obra en data 4 de xaneiro de 2008. Solicita que se lle devolva o aval depositado no Concello por unha contía de 1.566,00 euros, correspondente á carta de pago: 2007.859-0,

Visto o informe favorable do arquitecto técnico do 9 de xullo de 2009,

Visto o informe da tesoureira do 25 de setembro de 2009, que indica que comprobado o depósito do aval e dado o contido do informe do técnico, **informa favorablemente** a devolución da fianza definitiva,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución da fianza solicitada por D. Juan Carlos Barragán Zorrilla como apoderado de GREEN ENVIRONMENT, S.L.

**12.B)** D. Luis Estevez Suarez, en representación de ESTEVEZ SUAREZ, S.L. por escrito do 28.12.09 expón que as obras polas que depositara fianza están finalizadas e que se lle devolva, para o que achega carta de pagamento,

Visto o informe favorable á devolución do arquitecto técnico, de data 10 de xullo de 2009

Visto o informe favorable da tesourería do 25 de setembro de 2009, á devolución definitiva da fianza depositada por Estévez Suárez, SL. con motivo das obras de urbanización correspondente ao expediente 09/03, por importe de 1.050,00 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución da fianza solicitada por ESTÉVEZ SUÁRES, SL, por importe de 1.050,00 euros.

**12.C)** D. José Antonio Míguez Bastos, en nome de IMESAPI, SA, solicita a devolución da fianza definitiva por importe de 6.001,10 euros, depositada o 21.05.07 mediante aval para responder pola correcta execución da obra *Alumeado público estrada San Benito-Liñares*.

Visto o informe favorable do aparellador municipal de data 8 de xuño de 2009,

Visto o informe favorable da devolución do aval da tesoureira municipal de data 24 de setembro de 2009, por importe de 6.001,10 euros, depositada por IMESAPI, S.A.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución do aval depositado por IMESAPI, S.A. para responder da obra *Centralización, xestión e redución do gasto enerxético no allumeado público na estrada San Benito-Liñares.*

## 13.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da Tesourería municipal do 22 de setembro de 2009, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal polas declaracións relativas aos ingresos brutos presentada polas empresas subministradoras Unión Fenosa Distribución, S.A. Iberdrola, S.A., France Telecom España, S.A., e Endesa Energía, no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL,o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que,sendo imputables a cada entidade,fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal,excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto,remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

***Unión Fenosa Distribución S.A(CIF A82153834)**

| TAXA(euros) | BASE DA TAXA(euros) | IMPORTE BASE*0,015 |
|---|---|---|
| MAIO 2009 | 378.591,80 | 5.678,87 |
| XUÑO 2009 | 302.088,69 | 4.531,33 |
| XULLO 2009 | 145.623,82 | 2.184,35 |
| **TOTAL** | **826.304,31** | **12.394,55** |

***France Telecom España S.A(CIF A 82009812)**

| TAXA(euros) | BASE DA TAXA(euros) | IMPORTE BASE*0,015 |
|---|---|---|
| TOTAL EXERCICIO 2007 | 35.341,56 | 530,12 |
| TOTAL EXERCICIO 2008 | 43.860,57 | 657,91 |

| | | |
|---|---|---|
| **TOTAL** | **79.202,13** | **1.188,03** |

***Iberdrola S.A(CIF A48010615)**

| TAXA(euros) | BASE DA TAXA(euros) | IMPORTE BASE*0,015 |
|---|---|---|
| MAIO 2009 | 7.432,34 | 111,48 |
| XUÑO 2009 | 7.748,32 | 116,22 |
| XULLO 2009 | 7.361,79 | 110,43 |
| AGOSTO 2009 | 7.071,88 | 106,08 |
| **TOTAL** | **29.614,33** | **444,21** |

***ENDESA ENERGÍA S.A.U.,CIF A81948077(LIÑA DE NEGOCIO ELECTRICIDAD)**

| TAXA(euros) | BASE DA TAXA(euros) | IMPORTE BASE*0,015 |
|---|---|---|
| 2ºTRIMESTRE 2009 | 7.033,93 | 105,51 |

**ENDESA ENERGÍA S.A.U.,CIF A81948077(LIÑA DE NEGOCIO GAS BAIXA PRESIÓN)**

| | BASE DA TAXA(euros) | IMPORTE TAXA(euros) |
|---|---|---|
| | | BASE*0,015 |
| 2ºTRIMESTRE 2009 | 3.615,43 | 54,23 |
| TOTAL | **10.649,36** | **159,74** |

***Cableuropa S.A.U(CIF A62186556)**

| | BASE DA TAXA(euros) | IMPORTE TAXA(euros |
|---|---|---|
| | BASE*0,015 | |
| 3ºTRIMESTRE 2008 | 1.310,90 | 19,66 |
| 4ºTRIMESTRE 2008 | 1.153,82 | 17.31 |
| 2ºTRIMESTRE 2009 | 983,13 | 14,75 |
| TOTAL | **3.447,85** | **51,72** |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as contías das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Unión Fenosa Distribución S.A. por importe de 12.394,55 euros, France Telecom España, S.A. por importe de 1.188,03 euros, Iberdrola, S.A. por 444,21 euros, ENDESA ENERGÍA, S.A.U. por 159,74 euros, e Cableuropa, SAU por importe de 51,72 euros, polos períodos que se recollen no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

## 14.- CERTIFICACIÓN Nº 2 DA OBRA "INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO CASAL-MOAÑA".

Dáse conta da certificación ordinaria nº 2 da obra "INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO CASAL-MOAÑA", presentada pola empresa COMPOSAN, CONSTRUCCION, S.A., de data 31 de agosto de 2009, asinada polo director de obra D. José Luís Domínguez González. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 21 de setembro de 2009, para evitar o enriquecemento inxusto da Administración e por entenderse as obras efectivamente executadas.

**Segundo:** Aprobar a certificación ordinaria nº 2 da obra "Instalación de céspede artificial no campo de fútbol municipal do Casal-Moaña", de data 31 de agosto de 2009, polo importe de 294.559,28 €.

**Terceiro:** Aprobar a factura nº 9009200661, do 16 de setembro de 2009, de COMPOSAN, CONSTRUCCION, S.A. polo importe de 294.559,28 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4520.62201.

## 15.- CERTIFICACIÓNS DA OBRA "REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA MUNICIPAL".

Dáse conta das seguintes certificación ordinarias nº 2 de data 30 de xaneiro de 2009, certificación ordinaria nº 3 de data 27 de febreiro de 2009, certificación ordinaria nº 4 de data 31 de marzo de 2009, certificación ordinaria nº 5 de data 30 de abril de 2009, certificación ordinaria nº 6 de data 29 de maio de 2009 e certificación ordinaria nº 7 de data 30 de xuño de 2009 da obra "REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA MUNICIPAL", presentadas pola empresa VARELA VILLAMOR S.L., asinada polo director de obra D. Jesús Aser Fole Osorio. Asemesmo consta no expediente solicitude do contratista de cesión do dereito de cobro da certificación nº 7 (correspondente á factura nº FV09/062), de data 27/07/09, por un importe de 13.516,45 euros, a favor de HIERROS AROSA S.L., cumprindo co disposto nas bases de execución do Orzamento Municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 28 de setembro de 2009, para evitar o enriquecemento inxusto da Administración e por entenderse as obras efectivamente executadas.

**Segundo:** Aprobar as certificación ordinarias nº 2 de data 30 de xaneiro de 2009 por importe de 0 €, certificación ordinaria nº 3 de data 27 de febreiro de 2009 por importe de 0 €, certificación ordinaria nº 4 de data 31 de marzo de 2009 por importe de 0 €, certificación ordinaria nº 5 de data 30 de abril de 2009 por importe de 0 €, certificación ordinaria nº 6 de data 29 de maio de 2009 por importe de 0 € e certificación ordinaria nº

7 de data 30 de xuño de 2009 da obra "REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA MUNICIPAL"polo importe de 13.516,45 €.

**Terceiro:** Aprobar a factura nº FV09/062, do 10 de xullo de 2009, de VARELA VILLAMOR S.L. polo importe de 13.516,45 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4220.62200.

**Cuarto:** Aprobar o endoso da certificación nº 7 da obra "Rehabilitación da Casa Pazó para Gardería Infantil", correspondente á factura nº FV09/062, por un importe de 13.516,45 € emitida por CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. a favor de HIERROS AROSA S.L., no nº de conta 0075-8929-68-0500007191.

## 16.- RESUME DO PADRÓN DE AUGA E SANEAMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2009

Visto o resume do padrón de auga e saneamento do terceiro trimestre do ano 2009, entregado o día 24 de setembro de 2009 por AQUALIA, Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga, co que se pretende dar a coñecer a facturación correspondente o periodo terceiro trimestre do ano 2009, por un importe 210.158,39 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o padrón de auga e saneamento do terceiro trimestre do ano 2009, por un importe de 210.158,39 euros, e que se expoña ao público polo período de tempo regulamentario.

## 17.- XXII CIRCUÍTOS DE TEATRO EN MOAÑA

Visto o informe – proposta do coordinador de Cultura do día 22 de setembro de 2009 que textualmente di:

Os Circuítos Teatrais de Moaña é unha actividade que se leva realizado ininterrompidamente dende 1988, o que quere dicir que estamos ante a 22ª edición.

A complexidade organizativa e o incremento de público fixo que o Concello tivese que trasladar esta actividade, mediada a década de 1990, dende o pequeno auditorio municipal do centro sociocultural Daniel Castelao (168 localidades), ao cine Veiga, de moito maior aforo, en réxime de alugueiro, e onde se acadou unha media de case 400 persoas por espectáculo en cada circuíto cultural, unha ratio habitantes/público das maiores de Galicia, e máis se temos en conta que **os** circuítos en Moaña sempre foron unha actividade con pagamento en billetaría.

A desaparición desta sala de cine fixo que este ciclo de teatro tivese que peregrinar por distintos lugares (pavillóns deportivos, colexios públicos...), ata instalarse, nas últimas edicións, no pequeno auditorio do IES As Barxas, con capacidade (máxima e forzada) para 200 persoas, o que significou unha mingua importante para a promoción que estabamos a levar de novos públicos con campañas anuais de presentación do ciclo, por parte de actores e actrices, nos centros de secundaria.

Os Circuítos Teatrais de 2008 rexistraron unha asistencia de 1.348 persoas (media de 196 persoas /función, o que nos crea un problema de saturación de aforo ata o punto de ter que pechar a billetaría en varias

ocasións, quedando unha media de 30 persoas sen entrada en cada función). Cremos razoable estimar cantidades similares para esta edición de 2009.

CADRO COMPARATIVO DE ASISTENCIA

| ANO | ASISTENCIA | MEDIA/FUNCIÓN |
|---|---|---|
| 2005 | 1.169 persoas | 167 persoas |
| 2006 | 1.475 persoas | 210 persoas |
| 2007 | 1.442 persoas | 206 persoas |
| 2008 | 1.373 persoas | 196 persoas |

PROGRAMA E CALENDARIO CIRCUÍTOS 2009

| DATA | GRUPO | OBRA | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| 3/10/09 | Lagarta, lagarta (Lagarta Lagarta SL) | ***O segredo dos Hoffman*** | 4.200 € |
| 10/10/09 | Teatro do Morcego (Teatro do Morcego SL) | ***Kvetch*** | 4.550 € |
| 17/10/09 | Quico Cadaval (Producións Excéntricas SL) | | 812 € |
| 24/10/09 | Teatro de ningures (Ningures producións SL) | ***Atrabilis*** | 3.500 € |
| 31/10/09 | Titzina teatre (Titzina teatre SL) | ***Exitus*** | 4.524 € |
| IMPORTE TOTAL | | | 17.586 € |

PREZO DAS ENTRADAS

| | |
|---|---|
| Estudantes, parad@s, membros de asociacións | 3 € |
| Entrada normal | 4 € |
| Abono | 10 € |

O control da billetaxe será fiscalizado polo Servizo de Tesourería do Concello.

ORZAMENTO

| | |
|---|---|
| CACHÉS GRUPOS DE TEATRO | 17.586 € |
| Deseño gráfico e publicidade (empresa fresa azida): Deseño e impresión de 4.500 entradas, 750 tiras para carteis e 2.000 programas de man. | 1.364,16 € |
| Desenvolvemento das actividades (empresa Enredos): carga e descarga (mínimo 2 persoas/ función), pegada de cartelaría, control de billetaxe, atención aos grupos de teatro, apertura, mantemento e peche auditorio) | 2142,85 € |
| Loxística necesaria para espectáculos: UBÚ, loxística do espectáculo SL | 1.000 € |
| Gastos varios e imprevistos | 600 € |
| **TOTAL ORZAMENTO** | **22.693,01** |

Solicítase da Xunta de Goberno Local a aprobación da actividade co seu orzamento e o posterior libramento das cantidades citadas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **Primeiro:** Aprobar a realización da actividade XXII CIRCUÍTOS DE TEATRO EN

MOAÑA, coa programación que se recolle no informe do coordinador cultural e responsable do departamento de Cultura.

**Segundo.-** Autorizar e dispoñer o gasto de 22.693,01 € para a realización do XXII CIRCUÍTOS DE TEATRO EN MOAÑA, con cargo á partida 4510-22608 e imputalo ao RC número de documento 2009-1463.

## 18.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE OBRA MODIFICADO DE "REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA"

Visto o informe emitido polo coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, D. José Buceta Amoedo, o día 22 de setembro de 2009, para aprobación do Plan de seguridade e saúde no traballo elaborado por D. Antonio Salgueiro González,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Plan de seguridade e saúde da obra modificado de "Reforma do paseo marítimo da Praia".

## 19.- ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA: CONVOCATORIA PARA FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULAS

Visto o informe do director da Escola Municipal de Música do día 28 de setembro de 2009, que di:

**1º - CONVOCATORIA PARA A FORMALIZACIÓN DAS MATRICULAS DE NOVO INGRESO NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA:**

-Prazo: Xoves 1 a venres 9 de Outubro.

-Procedemento:

Os pais, nais ou titores deberán efectua,lo pago correspondente en calquera oficina de Caixanova de Moaña no número de conta do Concello dentro dos prazos establecidos, indicando o nome do Alumno e como concepto "Matrícula Escola Municipal de Música."

Os prezos deste servizo, segundo a Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos polos Servizos Sociais, Culturais, Deportivos e de Ocupación do Tempo Libre, son:

**-Iniciación Musical: 60€**
**-Formación Instrumental: 105 €**

Existe unha bonificación por inscrición de varios membros da unidade familiar na Escola ou por membro de familia numerosa: 25% de desconto por inscrición. Para acceder ó desconto o interesado deberá presenta-lo boletín de inscrición do membro familiar na Escola ou o Libro de Familia numerosa.

Unha vez efectuado o ingreso deberá entregar o xustificante de pago nas dependencias da Escola.

A lista de preincritos con dereito a matrícula e o importe correspondente a pagar despois de cotexar datos e comprobar dereitos de bonificacións é:

| Nome do/a Alumno/a | Pai, nai, titor | materia | Importe |
|---|---|---|---|
| SOAJE PORTELA, JUAN DIEGO | ADULTO | CLARINETE 1 | 105€ |
| SANTOMÉ RODRÍGUEZ, MARIO | SANTOMÉ CURRÁS, JUAN LUÍS | CLARINETE 1 | 78,75€ |
| COSTA PEQUEÑO, SANDRA | PEQUEÑO DEL RÍO, Mª TERESA | FRAUTA 1 | 78,75€ |
| CORES ANTEPAZO, CELIA | ANTEPAZO GIL, SANDRA | PIANO 1 | 78,75€ |
| RIVAS FERVENZA, GUILLERME | ADULTO | PIANO 1 | 105€ |

Preinscritos de Inciación musical:

| Nome do/a Alumno/a | Pai, nai, titor | materia | Importe |
|---|---|---|---|
| GONZALEZ MIRANDA, NURIA | MIRANDA MARTÍNEZ, Mª TERESA | INICIAC 4 | 45€ |
| SOLLA PEREZ, SILVIA | SOLLA MOREIRA, FELIX | INICIAC 4 | 45€ |
| JUSTO BENITO, ALVARO | JUSTO FERNÁNDEZ, JAIME | INICIAC 4 | 60€ |
| MOLEDO PAREDES, MIGUEL | PADEDES BOUBETA, Mª ELENA | INICIAC 4 | 60€ |
| BRAÑAS FERNÁNDEZ, MAURO | BRAÑAS DURAN, MIGUEL | INICIAC 5 | 60€ |
| TRIGO FERNÁNDEZ, SABELA | FERNÁNDEZ BERMÚDEZ, Mª JESUS | INICIAC 5 | 60€ |
| CORES ANTEPAZO, UXÍA | ANTEPAZO GIL, SANDRA | INICIAC 5 | 45€ |
| SOLLA SALGADO, NOA | SOLLA MOREIRA, CÉSAR | INICIAC 5 | 60€ |
| SOBRAL PEQUEÑO, ESTELA | SOBRAL POCEIRO, JULIO MANUEL | INICIAC 6 | 60€ |
| COSTA PEQUEÑO, MANUEL | PEQUEÑO DEL RIO, Mª TERESA | INICIAC 6 | 45€ |
| SOLLA COSTAS, VICTOR | SOLLA COSTAS, Mª CARMEN | INICIAC 6 | 60€ |
| GONZÁLEZ MIRANDA, CRISTINA | MIRANDA MARTÍNEZ, Mª TERESA | INICIAC 7 | 45€ |
| URDAMPILLETA CRUZ, MARÍA | URDAMPILLETA BARREIRO, FERNANDO | INICIAC 7 | 45€ |
| CURRO PÉREZ, DANIEL | PÉREZ RIOBÓ, MAR | INICIAC 7 | 60€ |

Preinscritos en formación instrumental:

**2º- REXISTRO DA DEMANDA EN LISTA DE ESPERA CORRESPONDENTE A INICIACION MUSICAL E FORMACION INSTRUMENTAL**

O uso dos listados de espera ven estipulado polo regulamento Interno da Escola.

LISTADO INICIACIÓN MUSICAL:

| NOME DO SOLICITANTE | **ANO NACEM.** | **DATA SOLICITUDE** |
|---|---|---|
| ALDARA MONTALVO PENA | 2004 | 07/09/2009 |
| SAMUEL CORDEIRO GUTIÉRREZ | 2005 | 07/09/2009 |
| LINA Mª PENA GONZÁLEZ | 2004 | 07/09/2009 |
| PAULA BAO MOREIRA | 2004 | 07/09/2009 |
| ENMA COSTAS PEREZ | 2004 | 08/09/2009 |
| XIAN REBOIRO DEL RÍO | 2003 | 09/09/2009 |
| ALV ARO PORTELA DIÉGUEZ | 2002 | 09/09/2009 |
| ANDREA REFOJOS ABAL | 2002 | 11/09/2009 |
| ELSA GONZALEZ SANTIAGO | 2005 | 14/09/2009 |
| AMARA SANTOMÉ SIERRA | 2002 | 15/09/2009 |
| LAYLA RIAL SANTOMÉ | 2005 | 15/09/2009 |
| LAURA GONZÁLEZ LONGUEIRA | 2005 | 16/09/2009 |

LISTADO FORMACION INSTRUMENTAL

| NOME do posible ALUMNO | ANO NACEMENTO | INSTRUMENTO. | INSTRU-MENTO 2ª OPCIÓN | DATA DA SOLICITUDE |
|---|---|---|---|---|
| CARLOS RIOBÓ SANTOMÉ | 1.999 | TROMBÓN | SAXOFÓN | 07/09/2009 |
| DESIRÉ GONZÁLEZ EIDÓN | 2001 | FRAUTA | | 14/09/2009 |
| VICTOR MEIRA JUNCAL | 1.996 | PIANO | FRAUTA | 16/09/2009 |
| ANA PARCERO MARTINEZ | 1998 | | | 16/09/2009 |
| LUCÍA PARCERO MARTÍNEZ | 2000 | | | 16/09/2009 |
| LAURA ROUCO OTERO | 1.999 | FRAUTA | PIANO | 18/09/2009 |
| VIOLETA VARELA CURRÁS | 2000 | PIANO | | 18/09/2009 |

Vista a proposta do concelleiro de Cultura do 28 de setembro de 2009, que di:

> "O Concello de Moaña vai proceder a abrir o prazo de Formalización da Matrícula para vinte prazas de novo ingreso na Escola Municipal de Música para o curso 2009-10, de acordo coas especificacións incluídas no informe do Coordinador Cultural que se achega.
> Solicítase da Xunta de Goberno a aprobación da actividade nos términos expresados no citado informe".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda
**Primeiro**: Aprobar os listados de persoas preinscritas en iniciación musical e formación instrumental para que procedan á formalización da matrícula,
**Segundo**: Aprobar as listas de agarda en iniciación musical e formación instrumental,
**Terceiro:** Trasladarlle o acordo á Recadación municipal.

## 20.- EXPEDIENTE DE INCAPACIDADE PERMANENTE DUNHA TRABALLADORA.

Recibiuse no Concello a notificación da resolución do INSS na que se lle recoñece a prestación de incapacidade permanente no grao de absoluta á traballadora Ana Rosa Rodríguez Pereira, ref. 2009 511220 68, con efectos económicos dende o 09.09.09. A data a partir da que se pode instar a revisión por agravación ou melloría é o 08.09.10.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, toma razón do contido da resolución do INSS polo que se lle recoñece a Ana Rosa Rodríguez Pereira a prestación por incapacidade permanente no grao de absoluta.

## 21.- SOLICITUDE DE VENDA AMBULANTE

Vista a solictude de D. Francisco Javier Santomé García no que solicita que se lle conceda licenza para a venda ambulante de peixe fresco en vehículo autorizado para a

ruta da entrada de Meira de Arriba, Quintáns, Paradela eVerducedo, xa que esta ruta non se fai por a persoa autorizada para iso,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a petición do señor Santomé García baseándose no disposto no anexo 1 da *Ordenanza de Venda Ambulante*, que di que non se concederán máis rutas e vendedores autorizados para a venda ambulante de peixe e que cando a persoa titular da autorización deixe a venda, a licenza só poderá transferirse ao seu cónxuxe ou fillos

## 22.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a que se relacionn a continuación.

| | **Servizo** | **Lugar** | **Taxas aboadas** | **Informe favorable** |
|---|---|---|---|---|
| Alfonso Jares Pérez | Auga, uso doméstico | Pura P. Prado, s/n, portal 1 – 4º A (urb. O Rosal) | Conexión ……….....60 €<br>Fianza …………….. 20 € | Aqualia |
| Nabor José Antepazo Costa | Auga, uso doméstico<br>Saneamento, uso doméstico | Ameixoada, 68 | Conexión ……….....60 €<br>Fianza …………….. 20 €<br>Taxas sumidoiros....180 € | Aqualia<br>Arq. Técn. Munic. |

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:15 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.